



life fluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REGIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
LIFE16 NAT/ES/000771



ZEC Río Eo
ES120002

LIFE Fluvial

Os corredores fluviais presentan importantes valores naturais, culturais e económicos. O obxectivo do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do seu estado de conservación en 9 espazos da Rede Natura 2000. Desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en 5 concas fluviais do Noroeste ibérico, onde especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios poden causar deterioración e fragmentación de hábitats. Na conca do río Eo, actúa nos municipios galegos de Ribeira de Piquín, Meira, A Pontenova, Trabada e Ribadeo e nos asturianos de San Tirso de Abres, Vegadeo e Castropol.




Ameneiro (*Alnus glutinosa*)



Freixo (*Fraxinus excelsior*)



Salgueiro negro (*Salix atrocinerea*)




O río Eo: A Pontenova

Neste sector, o río mostra un trazado lixeiramente sinuoso en cuxas beiras se desenvolve unha franxa de vexetación riparia con árbores de gran tamaño, propios do bosque de ribeira atlántico (principalmente amieiros (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus excelsior*), que conforman o hábitat de interese comunitario prioritario das alisedas atlánticas (91E0*) que e á vexetación que domina nas ribeiras do río Eo ao seu paso por A Pontenova.



Ameneiro (*Alnus glutinosa*)



Avelaira (*Corylus avellana*)

Onde o estrato arbóreo estaba máis degradado plantáronse máis de 500 pés de especies autóctonas características do hábitat como salgueiros negros (*Salix atrocinerea*), freixos (*Fraxinus excelsior*), pradairos (*Acer pseudoplatanus*), loureiros (*Laurus nobilis*) e avelairas (*Corylus avellana*). Melloráronse así as condicións do bosque ribeiran da Pontenova e do corredor fluvial en xeral.



Corvo mariño (*Phalacrocorax carbo*)

Nas últimas décadas produciuse unha alta mortalidade de amieiros en moitos ríos europeos polo oomicete *Phytophthora alni*.




Aliso afectado por *Phytophthora*

Durante as accións de restauración do hábitat, LIFE Fluvial retirou plantas exóticas na Pontenova: chopos híbridos (*Populus × canadensis*), salgueiros choróns (*Salix babylonica*), aligustres (*Ligustrum ovalifolium*), crocosmias (*Crocosmia × crocosmiiflora*) e herba das bolboretas (*Buddleja davidii*).



Crocosmia (*Crocosmia × crocosmiiflora*)



Salgueiros choróns e chopos híbridos




Tuberibulbos de crocosmia



Herba das bolboretas (*Buddleja davidii*)

O control e eliminación dalgunhas plantas exóticas invasoras presenta grandes dificultades como por exemplo crocosmia, para eliminala é preciso extraer os pequenos tuberibulbos que permanecen baixo o chan.



Gaiteiro azul (*Calopteryx virgo*)



Antes das actuacións



Despois das actuacións

O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021.

